

STILL RECORDING

[Ghiath Ayoub / Saeed Al Batal, 2018]

501

PASE ÚNICO EN NUMAX: 18.03.2019 | V.O.S.E.

Still Recording (2018, 122')

Dirección: Ghiath Ayoub, Saeed Al Batal

Guión: Ghiath Ayoub, Saeed Al Batal

Participación: Ghiath Ayoub, Saeed Al Batal

Son: Pierre Armand

Montaxe: Raya Yamisha, Qutaiba Barhamji

Fotografía: Ghiath Ayoub, Saeed Al Batal, Milad Amin

Produtoras: Mohammed Ali Atassi, Blinker Filmproduktion, Bidayyat for Audiovisual Arts (Siria, Líbano, Qatar, Francia, Alemaña)

Formato de proxección: DCP2K, 1.78:1

Idioma orixinal: Árabe, inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Lanzarote 2018 (Premio NUMAX Exhibición), Valdivia 2018 (Mellor Filme), Jihlava 2018 (Mención Especial do Xurado), Venecia 2018 (Premio do Público Semana da Crítica, Premio FIPRESCI Orizzonti)

SINOPSE

Os estudantes Saeed e Milad deciden deixar a cidade de Damasco e poñen rumbo a Douma, un suburbio que está baixo o control dos rebeldes. Ao longo de catro anos, o documental segue os pasos destes dous mozos mentres reflexiona sobre o estado dunha cidade que pasa do conflito á paz e a pobreza máis absoluta.

«Non é a guerra a que crea os momentos máis poderosos, senón a resistencia diaria da xente»

Kaleem Aftab, CINEUROPA

OS OLLOS VERDES 18/19

O CINEMA INÉDITO
DE NUMAX



“Cada acto de felicidade en Siria é un acto de resistencia”

Entrevista con Saeed Al-Batal
Por Anna-Theresa Bachmann

Ao tratar diferentes aspectos, *Still Recording* desafia a percepción do espectador sobre a vida nunha zona de guerra. Habitualmente, cando fas un filme sobre Siria atopamos unha ou dúas capas de sentido, eliminando todo o que reste claridade. Pero este filme tenta rachar estereotipos. Mesmo se ti es alguén que vive en Douma desde pequeno, has descubrir algo que te sorprenda e mesmo afecte persoalmente. A realidade é caos e tentamos ser todo o realistas que nos foi posíbel. Durante sete anos de asedio en Ghouta Oriental non todo tiña que ver coa guerra. Hai 1.100.000 persoas vivindo alí. Non pode todo depender da miseria e a tristura. Calquera acto de felicidade ou arte é un acto resistencia contra a imparábel máquina de matar.

Como representas esta constante confusión emocional no filme? Non hai moita acción na guerra. Sempre estás a reaccionar e nunca podes predicir o que vai suceder. Iso era o que queríamos transmitir: agora estás a loitar, seis minutos máis tarde estás a bailar, seis minutos máis tarde enterras a un amigo. Sete minutos máis tarde pintas nun muro. Seis minutos máis tarde disparas un arma.

Moitos documentais que capturan longos períodos de tempo empregan voz en off para explicar as historias ao público. En *Still Recording* non. Por que? Persoalmente, non me gustan as voces en off porque crean un sentimento de falsa seguridade. Se estou a falar desde o comezo até o remate, significa que estou seguro do que conto e o mesmo lle transmiro ao público. Ademais, non queríamos poñernos no punto de vista do espectador, darlle respostas. Queríamos que a xente sentise as mesmas dúbidas ca nós, como se estiven realmente detrás da cámara. O mapa político de Siria mudou durante os dous anos que traballamos no filme: houbo outro ataque químico, o pobo perdeu Ghouta Oriental nunha enorme batalla e mudouse a Idlib. Isto fíxonos recordar que se queres que un

documental perdure no tempo ten que ser independente dos acontecementos e contar unha historia ampla. Démoslle moita importancia ás proxeccións de proba con xente que non sabía nada de Siria para ver as súas reaccións. Porque esa visión está máis preto da realidade dos nenos de mañá.

Que queres dicir? A mellor maneira de protexer o futuro é gravallo todo. Queremos dicirlles aos nenos de mañá — non só en Siria senón en todo o mundo — o que realmente sucede en Ghouta Oriental como parte de Siria neste período. Non creo nas máquinas, non creo nos coches, non creo que todos os desenvolvementos tecnolóxicos representen o que o ser humano é. O único que o representa é a arte. Por iso creo que a arte existirá mentres exista o ser humano.

Como pode a esquerda europea e doutras partes do mundo expresar a súa solidariedade co pobo sirio, especialmente agora que a situación no país semella tan desalentadora?

O problema é que a dereita está a mobilizarse para o seu propio interese. A esquerda perdeu o contacto co mundo real, finxe non sentirse afectada por nada. Iso é o que percibín durante a miña curta estancia en Líbano e Europa. Ser de esquerdas hoxe enténdese como algo sofisticado que require certo nivel de educación. Se non te preocupas polo que está a suceder ao teu redor, seguramente poidas vivir tranquilo hoxe. Pero mañá todo pode estoupar nas túas mans.

Que suxires? Non podo dicirlle á xente o que ten que facer, só podo amorsarlles a realidade. Pero se me pides un consello diría: fai algo. Non facer nada é o problema. Se pensas que escribir unha carta a alguén do parlamento pode facer algo, escríbea. Se pensas que ir a outra manifestación non vai resolver nada, vai igualmente. E deixa de poñer excusas. A xente di que non saben quen vai substituír a Assad. Eu non creo que ninguén pensase quen ía reeemplazar a Adolf Hitler. Trátase de impedir que xente mala continúe a facer cousas malas. Cómpre que a xente tome consciencia de que os problemas os atinxen persoalmente. Se te preocupas porque algo así non che suceda a ti, logo farás o posíbel para que non lle suceda aos demais.

Publicado en alsharq.de
Tradución: Xan Gómez Viñas

AS DIRECTORAS

Saeed Al Batal (Tartús, Siria, 1988) é xornalista, fotógrafo e cineasta. Ten traballado como reporteiro para diversas emisoras radiofónicas e escrito artigos sobre a Siria contemporánea para axencias e institucións de todo o mundo. É tamén un dos fundadores da galería online *Sam Lenses* e o proxecto *Humans of Syria*. *Still Recording* é o seu debut no cinema.

Ghiath Ayoub (Yabrud, Siria, 1989) é cineasta, deseñador gráfico e artista visual, graduado na facultade de Belas Artes da Universidade de Damasco en 2013. Participa en diversas iniciativas civís como *Humans of Syria*. *Still Recording* é a súa primeira longametraxe.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org